



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 5 peóns pertencentes á Bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a Campaña de limpeza de praias 2023, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100/2023

Núm. Admvo. Expte.: 2023/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2023/G003/000604

A Deputación Provincial da Coruña concedeu a este concello unha subvención correspondente ao programa MA100: Convocatoria do programa de limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2023.

Mediante resolución de Alcaldía núm. 484/2023, de data 08/06/2023 aprobáronse as bases e a convocatoria para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para a campaña de limpeza de praias 2023, que se financia co programa de Limpeza de praias marítimas da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria MA100/2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 566/2023, de data 04/07/2023 aprobouse a constitución da bolsa de emprego para a contratación deste persoal laboral temporal, de acordo co disposto nas bases de selección.

Vista a resolución publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 123, do 29/06/2023 pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA:100 subvencións a concellos da provincia para a limpeza de praias marítimas no 2023, polo que se concede a este concello unha subvención para a Campaña de limpeza de praias 2023.

Vista a providencia de Alcaldía de data 04/07/2023 pola que se acorda a contratación de 6 persoas durante 2,5 meses con cargo ao programa de limpeza de praias marítimas para o ano 2023, convocatoria MA/100 subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña; e atendendo ao disposto na base 10.3 das bases de selección, procedeuse a contactar telefónicamente coas seis primeiras persoas integrantes da bolsa de emprego, que son M^a Mercedes Blanco Martínez, M^a Isabel Serrapio Amil, Dulzura Vidal Miñones, Rosa Durán Alborés, Ian Ronald Stephen e Miguel Alberto de Pinho Dias.

Con datas do 5 e 6 de xullo de 2023, as persoas candidatas M^a Mercedes Blanco Martínez, M^a Isabel Serrapio Amil, Dulzura Vidal Miñones, Rosa Durán Alborés e Ian Ronald Stephen presentan toda a documentación establecida na base duodécima das bases de selección, quedando pendente de achegar documentación por parte de Miguel Alberto de Pinho Dias.

Atendendo a que xa estamos en plena época estival, faise necesario dispoñer deste persoal canto antes para ter aos areais en perfectas condicións, polo que se contratará inicialmente a estas cinco persoas, completándose co resto de persoal na vindeira semana.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, esta alcaldía

RESOLVO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Laxe co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Primeiro. Nomear M^a Mercedes Blanco Martínez, M^a Isabel Serrapio Amil, Dulzura Vidal Miñones, Rosa Durán Alborés e Ian Ronald Stephen como peóns, persoal laboral temporal na limpeza de praias marítimas deste concello, durante dous meses e medio dende o 07/07/2023 e ata o 21/09/2023, ámbolos dous incluídos, a xornada completa e baixo a modalidade de contrato laboral temporal por circunstancias da produción, segundo o disposto no artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Segundo. De acordo coa base 10.4 das bases de selección esta resolución publicarase mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Terceiro. Dar conta ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretario-interventor acumulado dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado
Asdo. Francisco Javier Novoa Juiz